

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ARG	Artes gráficas	CBARG01	Artes Gráficas	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3123	Informática básica aplicada en industrias gráficas	2018/2019	3	117	117
MPMP31_23	Preparación de equipamentos informáticos, alimentación e aprovisionamento de materiais	2018/2019	3	41	41
MPMP31_23	Dixitalización e tratamento de textos e imaxes, e tramitación de información en liña	2018/2019	3	76	76

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ENRIQUE MOLDES FANDIÑO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Informática básica aplicada en industrias gráficas ten como finalidade formar ós alumnos nas seguintes características do ámbito produtivo:

- A competitividade do sector e a necesidade de lles dar unha resposta máis humana aos procesos tecnolóxicos fai necesario para o sector editorial e gráfico, ademais dunha formación técnica, unha formación das calidades máis sociais para se poder desenvolver no campo da comercialización e na atención á clientela, que son imprescindibles para as empresas.
- O proceso de impresión dixital é un sistema novo cun grande crecemento, nomeadamente indicado para tiraxes curtas e edicións baixo demanda, coa posibilidade de utilizar unha grande variedade de soportes, aínda que actualmente está tecnicamente limitado pola súa velocidade de impresión.
- O sector industrial de impresión está directamente vinculado coa utilización de produtos químicos, riscos de accidentes e doenzas relacionadas co ruído e coa vibración. Isto exige profesionais capaces de desenvolver a súa actividade en contornos laborais con xestión de prevención activa de riscos laborais e ambientais.
- Os procesos produtivos dentro do campo do packaging, a encadernación e os acabamentos gráficos, que hoxe están automatizados, achéganlle actualmente un maior valor engadido ao produto gráfico, e é onde se producen máis innovacións e cambios tecnolóxicos coas últimas técnicas informáticas introducidas no sector.
- O campo dos tratamentos superficiais do impreso sufriu unha grande revolución que deu como resultado produtos ata hai pouco tempo imposibles de conseguir e cun alto valor engadido.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Preparación de equipos e materiais	Vixión xeral dos equipos informáticos e componentes	18	15
2	Alimentación e aprovisionamento de materiais	Coñecer e empregar os diferentes materiais consumibles nos periféricos correctos	23	15
3	Dixitalización de imaxes	Dixitalización de imaxes mediante os periféricos correspondentes	33	30
4	Tratamento de textos e imaxes	Modificación e enmaquetación de textos e imaxes empregando as aplicacións informáticas específicas de artes gráficas tendo en conta o dispositivo de saída	30	30
5	Tramitación de información en liña	Difusión, envío e recopilación de información mediante redes (internet) de maneira segura	13	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Preparación de equipos e materiais	18

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara equipamentos e materiais necesarios para o seu traballo, recoñecendo as súas principais funcións, aplicacións e necesidades de mantemento	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse e clasifícanse os equipamentos informáticos e os seus periféricos en función da súa utilidade nos procesos básicos de reprografía e de produción en artes gráficas
CA1.2 Identifícanse as principais aplicacións informáticas en relación cos traballos que permitan realizar
CA1.3 Comprobáronse as conexións entre os elementos informáticos e, de ser o caso, corríronse os erros observados
CA1.4 Realízouse o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos informáticos
CA1.5 Adoptáronse as medidas de seguridade necesarias para evitar os riscos laborais derivados da conexión e desconexión dos equipamentos
CA1.6 Sitúronse os equipamentos tendo en conta criterios de ergonomía e saúde laboral

4.1.e) Contidos

Contidos
Compoñentes dos equipamentos informáticos.
Periféricos informáticos. Conectores dos equipamentos informáticos.
Operacións básicas con ficheiros e cartafolios dixitais. Elementos de navegación ou exploración nun sistema operativo. Funcións básicas de exploración e procura.
Sistemas de clasificación e organización de ficheiros e cartafolios.
Riscos laborais derivados da utilización de equipamentos informáticos.
Saúde postural.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Alimentación e aprovisionamento de materiais	23

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza operacións de alimentación e aprovisionamento de materiais e consumibles utilizando periféricos específicos da industria gráfica de acordo coas instrucións de traballo recibidas	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Interpretáronse correctamente as ordes de traballo ou as instrucións recibidas, e recoñecéronse os materiais e os consumibles requiridos para a produción
CA2.2 Descríbironse as características básicas e o funcionamento dos principais periféricos utilizados nas industrias gráficas (tales como equipamentos de impresión dixital, filmadoras, equipamentos de obtención de formas impresoras e equipamentos de procesado, etc.)
CA2.3 Identificáronse as partes máis importantes dos principais periféricos utilizados nas industrias gráficas, en relación coa súa funcionalidade e co sistema de alimentación e aprovisionamento de materiais e consumibles
CA2.4 Recoñecéronse os tamaños normalizados e as medidas dos soportes de impresión máis utilizados nos equipamentos periféricos de impresión dixital
CA2.5 Aplicáronse con seguridade métodos para controlar o estado dos líquidos reveladores e, de ser o caso, substituíronse estes ou enchéronse os tanques de revelado
CA2.6 Seleccionáronse e colocáronse os materiais e os consumibles (película, formas impresoras, etc.), de acordo coas instrucións
CA2.7 Colocáronse pola cara apropiada os soportes para a súa impresión, de acordo co manual de procedementos
CA2.8 Realizáronse as operacións aplicando a normativa sobre prevención de riscos relacionada

4.2.e) Contidos

Contidos
Tipos de periféricos de impresión dixital: clasificación por tipoloxía e tecnoloxía de impresión.
Soportes de impresión: clasificación básica. Folla e bobina: preparación.
Elementos visualizantes (tinta, tóner, etc.): clasificación básica.
Outros materiais e consumibles: grampas, fío, película, reveladores, formas impresoras, etc.
Control e rexeneración de líquidos reveladores nos equipamentos.
Aplicación de medidas preventivas de seguridade e saúde laboral específicas.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Dixitalización de imaxes	33

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Dixitaliza imaxes, utilizando aplicacións informáticas específicas e escáner plano, de acordo con instrucións e parámetros predefinidos	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as características e as prestacións básicas das aplicacións para a dixitalización de imaxes
CA2.2 Recoñécense as partes fundamentais do escáner plano utilizado na industria de artes gráficas
CA2.3 Relaciónanse as características básicas dun escáner tipo co seu funcionamento
CA2.4 Explicáronse as secuencias de traballo en procesos de dixitalización mediante escáner plano, en función da natureza dos orixinais
CA2.5 Comprobase o estado dos orixinais e, en caso necesario, acondiciónanse axeitadamente
CA2.6 Axustáronse os parámetros básicos na aplicación de dixitalización, seguindo as instrucións recibidas
CA2.7 Agrupáronse os orixinais por afinidade nas súas características
CA2.8 Dixitalízanse os orixinais, cun encadramento e un recorte adecuados segundo as instrucións recibidas
CA2.9 Gardáronse os ficheiros dixitalizados coa denominación e no formato establecidos, e almacenáronse na localización asignada

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos de orixinais e características básicas.
Proceso de dixitalización con escáner plano.
Características básicas da imaxe dixital: tamaño, resolución e modo de cor.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Tratamento de textos e imaxes	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Trata textos e imaxes utilizando aplicacións informáticas específicas da industria gráfica, de acordo con instrucións e parámetros predefinidos	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características e as prestacións básicas das aplicacións de tratamento de imaxes e de textos
CA1.2 Descríbense as características básicas das imaxes dixitais (cor, resolución, tamaño, formato, etc.)
CA1.3 Elaboráronse textos mediante ferramentas de procesador de textos utilizando distintos formatos
CA1.4 Inseríronse imaxes, táboas e outros obxectos nos textos
CA1.5 Realizáronse axustes simples de tamaño, encadre, resolución ou outros sinxelos, segundo as instrucións dadas
CA1.6 Gardáronse os documentos realizados no lugar indicado e nomeáronse de xeito que sexan doadamente identificables
CA1.7 Procedeuse á gravación sistemática do traballo realizado con obxecto de que non se produzan perdas fortuitas
CA1.8 Identificouse a periodicidade con que se deben realizar as copias de seguridade
CA1.9 Seguironse as instrucións recibidas e as normas ergonómicas e de hixiene postural na realización dos labores encomendados

4.4.e) Contidos

Contidos
Teclado estendido. Función das teclas.
Procesadores de textos: estrutura e funcións.
Aplicación de formatos nos procesadores de textos. Edición de textos.
Formatos de ficheiro de texto: características básicas e aplicación.
Características básicas das aplicacións de tratamento de imaxes.
Procedemento de axustes simples en textos e imaxes.
Realización de copias de seguridade do traballo realizado.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Tramitación de información en liña	13

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Tramita información en liña aplicando ferramentas de internet, intranet e outras redes	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse as redes informáticas ás que se pode acceder
CA3.2 Diferenciáronse métodos de procura de información en redes informáticas
CA3.3 Accedeuse á información a través de internet, intranet e outras redes de área local
CA3.4 Localizáronse documentos utilizando ferramentas de internet
CA3.5 Situáronse e recuperáronse ficheiros almacenados en servizos de aloxamento de ficheiros compartidos ("a nube")
CA3.6 Comprobouse a veracidade da información localizada
CA3.7 Valorouse a utilidade de páxinas institucionais e de internet en xeral para a realización de trámites administrativos

4.5.e) Contidos

Contidos
Redes informáticas.
Procura activa en redes informáticas.
Procedementos de transmisión e recepción de mensaxes internas e externas.
Envío e recepción de mensaxes por correo electrónico.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación será sempre continua e non só sobre o aprendizaxe dos alumnos/as, senón tamén sobre todo o proceso de ensino-aprendizaxe: os obxectivos da unidade didáctica, os contidos expostos, os propios criterios de avaliación, os materiais didácticos e o propio profesor a través da súa programación.

A avaliación será recuperadora, considerando a cualificación da última avaliación do curso como a cualificación de toda a materia, tendo a posibilidade de recuperación, no caso de suspenso antes de finalizar o ciclo. A avaliación adoita facerse coa realización de probas escritas, cuestións obxectivas (preguntas test, cálculo, relacións, conceptos...) indicando a materia sometida a avaliación e a valoración cuantitativa de cada cuestións, e probas prácticas que determinen as capacidades adquiridas polo alumnado.

Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva:

Preparar equipamentos e materiais necesarios para o seu traballo, recoñecendo as súas principais funcións, aplicacións e necesidades de mantemento.

Realizar a lectura e interpretación correcta dunha orde de traballo.

Sabe os tamaños dos soportes máis empregados nas AAGG.

Dixitalizar imaxes, utilizando aplicacións informáticas específicas e escáner plano, de acordo con instrucións e parámetros predefinidos.

Tratar textos e imaxes utilizando aplicacións informáticas específicas da industria gráfica, de acordo con instrucións e parámetros predefinidos.

Considéranse os seguintes compoñentes do proceso avaliador:

1. Actividades teóricas:

Probas escritas: cuestións obxectivas (preguntas test, cálculo, relacións, conceptos,...) indicando a materia sometida a avaliación. Con carácter individual, aínda que nalgures unidades ou temas poderá ser en grupo.

Propostas de traballo que o alumno/a en ocasións realizará en horario lectivo, e noutras ocasións en horario non lectivo. Ao longo do curso pódense programar traballos para obter información pertinente de fontes secundarias utilizadas para mellorar as habilidades de búsqueda de información coa utilización de internet, traballos de análise, bibliográficos, de investigación, búsqueda bibliográfica... que se desenvolverán de forma grupal e/ou individual.

Traballos en grupo: Como norma xeral, a cualificación do traballo será aplicando os criterios establecidos e debe ser igual para todos os compoñentes do grupo.

Deben tomarse como elementos avaliadores mínimos os seguintes:

Claridade da exposición.

Conclusións.

Estrutura do traballo.

Presentación.

Maquetación.

Contidos.

Emprego de imaxes e demais recursos gráficos.

Traballos individuais, cualificados individualmente.

Deben tomarse como elementos avaliadores mínimos os seguintes:

Claridade da exposición.



Conclusións.

Estrutura do traballo.

Presentación.

Maquetación.

Contidos.

Emprego de imaxes e demais recursos gráficos.

Exposicións: En ocasións o peso dun traballo ou práctica radica na exposición oral que posteriormente fan os alumnos/as. Neste caso cómpre matizar que cando se trate de traballos en grupo a exposición debe valorarse individualmente, tendo en conta como elementos avaliadores para as exposicións orais:

Utilización da linguaxe.

Aplicación de conceptos.

Claridade da exposición.

Utilización de recursos.

Respostas dadas ás dúbidas.

Concreción dos obxectivos propostos.

Todas as actividades terán un prazo de realización ou entrega, o non cumprimento del suporá a penalización de 1 punto na valoración final do traballo ou exercicio, por día de retraso.

2.Actividades prácticas:

Tutoriais: serán sempre con carácter individual. O alumno seguirá as explicacións do mestre, que o guiará durante todo o exercicio, para deste xeito conseguir adquirir novos contidos, afianzar os que xa posúe e/ou alcanzar novas destrezas e técnicas de traballo.

Deseños: poden ser de diverso tipo e orientados a traballar os obxectivos formativos (conceptos, compoñentes, técnicas de traballo, potenciar habilidades, etc...). Cualificados individualmente, deben tomarse como elementos avaliadores mínimos o seguintes:

Estrutura do traballo.

Xerarquía dos contidos.

Presentación.

Maquetación.

Contidos.

Emprego de imaxes e demais recursos gráficos.

Composición e calidade técnica usada.

Creatividade e atractivo da solución gráfica.

Procedemento, pautas de realización.

Teranse en conta as especificacións técnicas, características e formulacións segundo a U.D.

Todas as actividades terán un prazo de realización ou entrega, o non cumprimento del suporá a penalización de 1 punto na valoración final do traballo ou exercicio, por día de retraso.

3.Cualificación das actitudes: Establécense como elementos avaliadores referentes ás actitudes os seguintes:

3.1 Asistencia e puntualidade ás clases. O alumno/a ten 10 puntos.

3.2 Cumprimento das normas de convivencia do centro, as normas do regulamento de Sanidade e as normas establecidas polo profesor/a, medirase como grao de cumprimento: ningún (0), baixo (2,5), normal (5), alto (7,5) ou excepcional (10).

3.3 Participación activa nas clases. Medida como grao de cumprimento: ningún (0), baixo (2,5), normal (5), alto (7,5) ou excepcional (10).

3.4 Respecto aos compañeiros/as e ao profesor. Medida como grao de cumprimento: ningún (0), baixo (2,5), normal (5), alto (7,5) ou excepcional (10).

3.5 Resposta ás correccións suxeridas polo profesor. Medida como grao de cumprimento: ningún (0), baixo (2,5), normal (5), alto (7,5) ou



excepcional (10).

Aos efectos de obtención da cualificación final do alumno/a seguiranse os seguintes criterios:

A cualificación global realizarase unha vez comprobada a entrega de tódolos traballos propostos, incluíndo os titoriais, estes serán similares aos realizados na aula polo mestre. Unha vez certificada a entrega dos traballos, procederase do seguinte xeito:

A cualificación do elemento 1 obterase aplicando a media aritmética dos elementos que o compoñen. Terá un peso na cualificación dun 20% e fará media co punto 2 sempre que se acaden un mínimo de 4 sobre 10.

A cualificación do elemento 2 obterase aplicando a media aritmética dos elementos que o compoñen correspondéndolle un 80% da cualificación. O alumno/a debe acadar un mínimo de 4 sobre 10 para calcular a media co elemento 1.

A cualificación do elemento 3 obterase pola media aritmética dos ítems: 3.2, 3.3, 3.4 e 3.5. Unha cualificación inferior a 5 sobre 10 restará un punto da cualificación global do elemento 1, mentres que unha cualificación superior a 5 engadirá un punto á cualificación do elemento 1. No ítem 3.1.1, cada 3 faltas de asistencia ou puntualidade restan un punto do elemento 2.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A programación didáctica adaptarase ás necesidades do alumnado. O profesor coordinará a programación e realizará o seguimento diario da súa aplicación, especialmente nos exercicios ou cuestións prantexadas. Tamén terase en conta as observacións que o resto de docentes fagan nas reunións de titoría e/ou nas sesións de avaliación.

Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto os diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno/a e ofrécense os recursos básicos coa fin de facilitar as aprendizaxes dos alumnos/as en función das súas necesidades concretas.

Propóñense dúas actividades, secuenciadas no tempo para acadar os obxectivos dentro de cada unha das unidades didácticas:

o A primeira, común para todos os alumnos/as, é a de resolver un cuestionario, realizar unha práctica ou ambas opción con fin de asimilar os contidos e desenvolver as destrezas mínimas da unidade didáctica.

o A segunda propóñese dependendo de si os alumnos/as acadaron os contidos mínimos ou non:

-No caso de acadar os mínimos esixidos, poderán realizar outro exercicio máis complexo para profundizar nos coñecementos.

-Os alumnos/as que non alcanzaron os contidos mínimos ao mesmo tempo que os anteriores, terán que realizar outro exercicio cos contidos máis detallados, recalando aqueles conceptos menos claros, e se é posible incluíndo exemplos do contorno (aula, centro, casa...) para que o alumno/a sexa capaz de conseguir a fin proposta.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Tendo en conta o establecido na Orde do 5 de agosto de 2014, no seu artigo 14, no que non se contempla para o alumnado de F.P. Básica a Perda do dereito de avaliación continua a que se refire a Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 25; acórdase establecer, con carácter xeral, o seguinte:

1. Para aquel alumnado que supere o 15 % de faltas de asistencia de xeito continuado a un determinado módulo, con respecto a duración total do mesmo:

- Outorgarlle unha cualificación final cun peso diferente ao do resto do alumnado, sendo este peso dun 30 % menos sobre a cualificación final obtida.

- Non se contemplará para este alumnado a realización de probas parciais, debendo de realizar unha única proba final teórico-práctica baseada no realizado, segundo programación, ao longo do curso. Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo una puntuación de 5 puntos.



2. Para aquel alumnado no que a súa falta de asistencia non supere o 5% de horas do módulo por trimestre descontáraselle na avaliación parcial de módulos, no apartado correspondente á cualificación actitudinal, ata un total de 0,5 puntos; podendo seguir sendo avaliado de forma parcial ao longo do curso, sempre e cando non incorra no establecido no apartado 1.
Terase en conta, para este segundo caso que, a pesares de que o alumno/a supere o 15 % total de faltas de asistencia do módulo ao final do curso, se esta ausencia non se produce de xeito continuado e se mantén dentro dun límite razoable, non se aplicará o sinalado no apartado 1.
3. Os porcentaxes serán os seguintes para a avaliación:
 - 3.1. Parte práctica. Computarán un 40% da nota.
Este traballo englobará as capacidades prácticas mínimas exisidas no curso académico.
 - 3.2. Parte escritas (coñecementos). Computarán un 30% da nota.
Este exame englobará os coñecementos mínimos exisidos no curso académico.
 - 3.3. Traballo de clase e asistencia o 30% da nota tendo en conta neste punto o especificado no punto 1 e 2

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase semanalmente mediante a plataforma web e cubrindo o seguimento da programación. Considérase que a avaliación da práctica docente, permite recoller información válida sobre os resultados da acción educativa, é indispensable valorala para que os seus datos sirvan para incentivar ao alumnado.

Aínda que non hai unha metodoloxía específica para a avaliación docente, o profesor debe identificar as necesidades do alumnado e formular unha serie de preguntas: cómo aprende mellor e rende máis o alumno? con qué se cansa? qué axuda necesita? qué novos estímulos son necesarios? Unha vez feitas, débese reflexionar e tomar decisións sobre a adecuación ou non das actividades realizadas, e sobre a eficacia da metodoloxía e recursos tanto persoais como materiais empregados.

Mellorar o proceso de ensinanza, modificar o plan de actuación deseñado na programación, programar actividades de reforzo específico e introducir os mecanismos de corrección adecuados, son os obxectivos que se perseguen.

Como ferramentas para a concreción dos obxectivos cóntase con varios métodos:

- Por un lado coa observación, esta é un método de investigación, utilízase con moita frecuencia na maioría dos modelos de avaliación das labores académicas do docente.
- Compartir experiencias formais e informais cos meus compañeiros para a solución de problemas conxuntos.
- Lista de control, escala o cuestionario completado polo alumnado.
- É importante coñecer a situación de partida dos alumnos, detectar as dificultades que xurdan e valorar os resultados obtidos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

- O inicio do curso farase unha proba escrita individual que permita obter datos respecto á situación previa e intentar detectar algunha dificultade no alumno/a.
- O longo dos módulos e antes do inicio de cada un deles verase o punto de partida do alumnado cara a ese novo módulo, ven mediante unha proba escrita, ven observando as capacidades do alumnado ou mediante coloquio-entrevista.



8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Esta programación ten un carácter aberto e flexible para poder atender á diversidade de alumnos/as, posibilitando niveis de adaptarse ás condicións específicas de cada alumno/a, presentando como colectivos específicos os alumnos/as con necesidade educativas especiais, os bendotados intelectualmente e os estranxeiros.

Cando se trate de alumnos/as con necesidade especiais de aprendizaxe, será necesario:

Personalizar o proceso de ensino-aprendizaxe o máximo posible e buscar que os alumnos/as traballen apoiándose uns nos outros co fin de conseguir suplir as deficiencias de cada un.

Insistirase nos contidos mínimos e actividades de reforzo.

Potenciarase a participación do alumno/a e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

Por outra parte, cando se trate de alumnos/as que requiran unha atención específica por ter un ritmo máis acelerado de aprendizaxe, podemos sinalar como actuación xerais:

Plantexarlles un número adicional de supostos prácticos para facilitar o afundimento nos contidos e o desenvolvemento da súa capacidade de investigación e razoamento.

Evitar a frustración ou o aburrimiento mediante contidos e casos prácticos mais complexos e variados nos momentos nos que se están a realizar exercicios, actividades ou aclaración de dúbidas e recapitulacións co resto da clase.

Evitarlles os exercicios repetitivos e as prácticas superfluas en materias xa analizadas.

Por último, no caso de que existise algún alumno/a estranxeiro/a habería que tratar con carácter xeral e como elemento previo unha rápida e eficaz integración no grupo. Para iso como metodoloxía específica podemos sinalar:

A creación de grupos de traballo nos que se integre o alumno e poida participar como un máis.

Fomentar actitudes de respecto ás diferenzas individuais. É básico na metodoloxía didáctica que nos equipos de traballo se potencie un ambiente de cordialidade e cooperación, así como as actitudes de respecto cara as diferenzas individuais, preservando as súas peculiaridades culturais, todo iso guiado polo sentimento de rexeitamento cara calquera situación xenófoba ou racista.

Para levar a cabo todas estas actuacións, as actividades de clase deben atender ao traballo en equipo e a axuda recíproca entre os alumnos/as.

Ten que establecerse unha continua comunicación, diálogo, entre profesor e alumno/a a fin de poder adaptar as actividades segundo os coñecementos de cada un.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Entre os contidos da programación hai temas indispensables para a formación de profesionais, pero sobre todo, debe de haber actitudes e valores. Trátase de que os alumnos reflexionen sobre valores humanos esenciais e compartan as súas ideas cos seus compañeiros, amigos, profesores,... A educación en valores comprende unha serie de ensinanzas que se deberán apoiar, facendo incapé no fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais, é básico que nos equipos de traballo se potencie un ambiente de cordialidade e cooperación, preservando as diferenzas culturais dos individuos. Esta educación en valores pode abarcar os seguintes ámbitos:

Educación Moral e Cívica.

Educación para a Paz.

Educación para a Saúde.

Educación Sexual.

Educación Ambiental.



Educación do Consumidor.

Educación Vial.

Educación para a Igualdade de oportunidades entre os sexos.

Educación de non Discriminación por sexo, raza ou relixión.

O longo do curso potenciaranse os ámbitos anteriormente sinalados, ben mediante debates, ben con exemplos, co visionado dalgunha película, con presentacións PPS, etc...

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares faranse/proporanse na medida dos acordos adoptados en reunión de departamento de AAGG e tendo en conta que estamos condicionados pola dispoñibilidade das empresas a recibir visitas ou non.

Proporáanse visitas a algunha editorial ou empresas de AAGG donde se poida percibir a realidade productiva do sector.

Do mesmo xeito, cada docente pode propor na súa correspondente programación outras visitas e actividades complementarias que, en todo caso, deben ser consensuadas e aprobadas polo equipo docente do curso correspondente.